



O FARELO

Nº 30
Xuño de 2019
Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

Ourense
celebrou a
Feira do Libro



Páxina VII

24ª Bienal do
Humor e a
Sátira na Arte,
de Gabrovo



Páxina VIII

XXVIII
Certame
Municipal de
Teatro
en Monforte



Páxinas X

Viño e cereixas
van da man en
Belesar



Páxina XI

A Xunta licita
a restauración
do cubo XXXI
da Muralla de
Lugo



Páxina XII

Regina Viarum,
o mellor tinto
galego en
2018



Páxina XII



A Escola Fogar de Mariñamansa será Centro Galego de Innovación da FP

Páxina XIII

REFORZO ESCOLAR - IDIOMAS - TÉCNICAS DE ESTUDO
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA - TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS

CENTRO DE ESTUDOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1º B
Pontearreas ☎ 654 07 57 51

LOTERÍA

RIBEIRA SACRA

982 41 02 69 loteribeirasacra@gmail.com
Rúa Cardenal Rodrigo de Castro, 43
27400 Monforte de Lemos. Lugo

Opinión

Por Nemésio Barxa

Descaramento e desonestidade

Em outro artigo falava há uns días do rejeito que me produzia a desvergonha de políticos que som capaces de defender pública e impudicamente ou manifestar-se a favor de teses contrarias á súa real actividade e práctica política. Podo entender que alguén defenda algo no que crê, aínda que fiquen errados. Admito, que non entendo nem justifico, que os políticos podan tomar decisións prejudiciais para os cidadáns com a finalidade de justificar. obter ou consolidar fronte ao superior a súa continuidade na sinecura obtida (alá eles com a súa decência). Mas rejeito por completo que tenham a caradura de pôr em valor, de defender, aquilo que precisamente refutam e sobre o que legislan negativamente. Já não é só (que também) o sentimento pessoal de que aínda seguen mijando por um e a dizer que chove. É a burla, o escarnio, o desapego mais insuportável do trapaceiro vaidoso e irreverente que pode ofender publicamente ao próprio povo do que som governantes em algo que constitui seu signo de identidade, como é o idioma.

Vinha isto a conto de manifestações públicas de dois governantes a pral

do idioma que eles na súa práctica de goberno refugam e desprezan, mas que aproveitan a oportunidade do Día das Letras Galegas para aparecer como adalides do mesmo que condenam. Com o mesmo descaro se manifesta a prensa escrita da Galiza que o día 17 de maio, como todos os anos e esse único día ao ano na primeira páxina utiliza o idioma de este povo. Brindes ao sol pois os 364 días restantes do ano e no resto das páxinas, exceto nas de Cultura, pouco ou nada podemos ler em galego. De todos jeitos menos mal que o fam um día ao ano. Pois bem, concretamente lendo o Faro de Vigo de esse día, cheguei a uma páxina inteira com o Bando do Alcalde de Vigo no Día das Letras Galegas que dizia cousas como: "... e tantas outras (escritoras) que co poder da súa escrita fam que se expanda o noso ideário colectivo" ou a seguir "reivindicamos o emprego da lingua galega em todos os ámbitos da vida social, económica e política". Este senhor é o mesmo que excluiu o galego das atas do Concelho e do emprego da nosa lingua nos Plenos, o que fala em castelano ou inglés nos seus discursos ou entrevistas, mas

ignora por completo o galego que, desde logo, não o fala nem na intimidade, aínda que provavelmente o falasse na súa nenez em Ponteareas. O mesmo que deixa em total abandono orçamentário e de atos a cultura no município produzindo um claro déficit de transmisión da cultura. Pois aí está o bando reivindicando o emprego da lingua galega em todos os ámbitos da vida social, económica e política. Auténtica mofa.

Com o cabreio no corpo seguí na lectura e vinte páxinas mais adiante, saeme ao passo a tanto repetida imaxe do noso presidente e em letras destacadas "Artigo do presidente da Xunta no Día das Letras Galegas" e aínda mais destacado, tanto em tamanho como em carga de color negro, o título do artigo: "A lingua como irmandade" e numa manchete: "Os galegos fomos agraciados cum "don de linguas" que nos permite ter unha relación singular co mundo"; píca-me a curiosidade de coñecer até que ponto chega o cinismo do presidente e com esforzo penetro no texto e já de inicio bóta-me na cara que "fala e irmandade figuran formando um tanden dando así a entender que a plena recuperación de um idioma que estivera tanto tempo prostrado, dependia do espírito fraterno" Oh la la,; não quero analizar o resto, só que menciona a Castela

como se o "Sempre em Galiza" fosse seu livro de cabeceira para entressacar ideias, e remata, docemente, com "Um dos principais vencellos que nos permiten estar no mundo formando um nos é a fala".

Isto dize sem rubor nem pudor o maior lingüicista político post Franco do idioma galego. O que derogou incluso normas da época de Fraga. Claro que seu desprezo à cidadania que ele governa é patológico, pois na recente campaña eleitoral com todo descaro prometeu seguir no seu apoio institucional a Vigo quando é de todos coñecido sua inimizade com esta cidade e município até negar-lhes o pão e o sal; mas os vigueses aquí sim que responderam adequadamente nas furnas..

E pergunto, que credibilidade tem um político que se burla do povo afirmando cousas que não pratica? Como é possível que obtenha o reconhecemento, o voto, dos burlados e enganados?

Considero uma infâmia esta atitude e publicamente a denuncio. Comigo não, Sr. Feijoo. Chateie-se com seus votantes.

Quinta do Limoeiro, maio do 2.019



Por Manuel Estévez

Eiravella, no Camiño das Estrelas


Non pasaron moitos días que andei pola rúa da Mimosa e ouvín as voces do meu amigo que acoaban nas faldras da Guía e no mar de Vigo. Fora neste lugar onde xantáramos e conversáramos em tempos aínda recentes. Nourora camiñá-bamos polos vieiros da cidade, faldras do Castro ata recalar nas mesas de O Rincón, na empinada costa Manuel Nuñez para continuar a falar e debuxar.

Compartillaba a mesa moitas tardes outro imborrable poeta, Carlos Oroza.

!No hay solución!
Exclamaba cuando ollaba a Eiravella combinar os trazos con tinto de Barrantes.

Os viños tamen foran motivo para visitar a bisbarra do Baixo Miño ou mesmo dicir O Rosal, durante aquel encontro de creadores aquí e dacolá para rendir culto os néctares vitivinícolas a través da pintura baixo o slogan "Vide a degustalo con arte".

Alí estaba Xoan Otero García xunto cunha morea de elevados expoñentes



da paleta, Xavier Pousa, Anxel Lemos,

Carlos Fernández Najles, a arxentina Cecilia Najles, Agustina, entre outros, máis os citados estarán abrazando aló onde se encontren e mesmo o vate de Viveiro mostrándolle "o mar que é mais alto co ceo".

Mais o artista coñecido polo nome que adoptou da súa aldea do Concello de Portas, grande de corazón, forte carácter espiritual e marcado pola profunda admiración de San Xoan da Cruz, deixanos unha grande obra. Debuxos, pintura e escultura e unha andaina por percorrer a través da súa impronta e coñecemento, "O Camiño das Estrelas".

Por Avelino Jácome

Papoulas do pensamento

Non somos tanto como ser quixeramos; non somos mar, pero somos fonte; non somos aire, pero somos auga. Raiada de sol feble, volvoretñas sinxelas, cabaliños do demo nos fentos da ribeira, viaxeiros nun arado do que turran, aínda, as vacas: unha xovenquiña nova e a máis vella da casa, cadullos de terra que caen pendurados das abeacas.

Por mor da lingua, falamos das sil-

veiras e das rulas, das congostras e da lúá, ata cando calamos falamos na lingua que mamamos, chamamos con ela por a naiciña cando nos entra a anguria, e devece nos por amores cando esperamos á vida.

Voamos como anduriñas de aquí e de acolá, nos ventos do mar durmimos deitados nunha ondiña; carréxannos por o mundo, cargadiños ca tristura de deixar soíña a terra, de abandonar o

teto, mais, como o cuxiño que zuga da nai o leiteño morne, nós bebemos no zume eterno da lingua que herdamos, filla das carballeiras, dos soutos e das brañas.

Se os galegos queremos ha de vir outra colleita, rexurdirán entre os fentos papoulas do pensamento, mulleres e homes cheos da sabiduría dos ancestros que berrarán ben alto e non calaran por medo, as cerdeiras agromarán de branco e de vermello, da cor do mar as maceiras, e das castañas a tarde, de cores a nosa lingua

estoupará na alborada!

Verase nas nubes negras sinais do rexurdimiento dun pobo que non esquece, que bebe na boa fonte, natural cando se escoita e feliz cando non cala, argallaremos entre todos novos xeitos e vellos soños, albisco tempos de gloria, esquecendo o sufrimento, xunguindo a nosa vitoria co vello sentimento!



Por Ramón Coira Luaces

A ilustración en Galiza

Ilustración foi unha corrente de pensamento que se desenvolveu en Europa no século XVIII e que defendía a razón e a ciencia como xeito de explicarmos o Universo e de progresaren tanto as sociedades como as persoas. En Galiza houbo unha eclósión cultural na segunda metade do século, nas Universidades e tamén nas institucións creadas polos ilustrados como as Sociedades Económicas de Amigos do País (A de Santiago en 1784, a de Lugo en 1785), a Academia de Agricultura do Reino de Galiza (na que destacou Cornide, que foi secretario da mesma) e o Real Consulado Marítimo da Coruña. Os ilustrados galegos preocupáronse por problemas concretos como o estado dos camiños, a necesidade de facer navegábel o río Miño, a mellora da agricultura, o fomento da industria "popular", a liber-

dade de comercio de gando, etc., o perfeccionamento da industria do liño, a exportación de viño, a identidade cultural galega, etc. Procuraban que se diversificase a economía co fomento da industria téxtil, de coiro, salgadeira,... e que mellorase a agricultura coa rotación de cultivos e mellora de ferramentas e adubos.

Fixeron unha crítica ampla da sociedade galega, porén en xeral as súas propostas eran moderadas. Revindicaron a lingua e a cultura galega, interesándose pola súa Historia e denunciando o inxusto desprezo de que eran obxecto os galegos. Nesta tarefa destacaron os frades bieitos Feixóo e Sarmiento. Feixóo combateu prexuízos e supersticións e defendeu a edu-

cación das mulleres, a apertura á ciencia e á experimentación, a protección do campesiñado, a transparencia na Admón. e unha xustiza rápida. Sarmiento estudou e defendeu a lingua e o ensino en galego, ocupouse da Historia de Galiza, abordou o problema da emigración,... Lucas Labrada redactou unha Descrición Económica do

reino de Galicia, na que amosa os seus principios liberais. Cornide preocupábase máis ben polas cuestións económicas...

Impregnado deste espírito a monarquía borbónica creou en Ferrol un arsenal naval, convertendo unha vila mariñeira nun modelo racionalista de urbanismo. Ibáñez, o marqués de Sargadelos, creou na Mariña luguesa a súa fábrica metalúrxica, despois convertida en fábrica de cerámica. Destacou tamén a fábrica de curtidos de Allariz. Porén os ilustrados, en xeral, non foron capaces de vencer as resistencias dos grupos de rendistas dominantes: fidalgos e eclesiásticos, polo que as súas propostas xeralmente non chegaron a materializarse. Todos defenderon o galego e algúns cultivárono como Sarmiento, Cornide e Cernadas.



Futuro para as novas xeracións

Educar é construír pontes e abrir camiños, para que as novas xeracións poidan ter un futuro mellor que o noso. Porén con frecuencia semella que tamén houbese xente que traballa para que a mocidade non teña futuro, para que teña que emigrar ou malvivir no país; reducindo ou recortando os servizos públicos, reducindo a posibilidade de emprego de calidade en Galiza, etc. Seguro que esa non é a finalidade de ningún,

senón que o é o enriquecemento egoísta e desmedido, porén as consecuencias son as mesmas: pouca mocidade ten futuro aquí, hai escaso emprego ou autoemprego de calidade e poucas perspectivas de prosperar. Temos que defender os nosos sectores produtivos e apostar por quen os defende, por quen ten un compromiso claro con este país. Traballar e propiciar acordos para que Galiza prospere e florezca. Reclamemos que os nosos

rasgos identitarios (idioma, cultura, historia,...) se reforzen, que non sexan borrados ou atacados desde dentro e desde fóra. Se Galiza non ten futuro como país, se non avanza, nós

tampouco teremos prosperidade como sociedade. Ensináronnos a triunfar individualmente, é posíbel; pero é moito máis difícil facelo como galeg@s comprometidos coa nosa sociedade e coa nosa terra. A solidariedade entre os pobos empeza por recoñecérmolos no noso. Vicente Risco dixo que o nacionalismo é a afirmación vital dun pobo que se nega a morrer. Galiza está moi debilitada, porén aínda latexa. Non a deixemos morrer, que viva moitos anos e que viva sempre en nós. O cadro é de Carlos Maside e titúlase: "Parolando"



Opinión

Por José Paz Rodrigues | (Académico da AGLP, presidente da ASPGP e professor aposentado da Univ. de Vigo)

Pequena historia das “Jornadas do Ensino de Galiza e Portugal”

A Escola Internacional de Verão “Jornadas do Ensino de Galiza e Portugal” celebrou-se de 1976 a 2008, completando 32 edições, das que 25 se desenvolveram na cidade de Ourense, e a primeira no colégio “Os Milagres” dos PP. Paúles de Maceda. As outras edições tiveram como cenário Vigo, Corunha, Ponte Vedra e duas vezes Compostela. A edição de 1985, ademais de em Ourense, teve lugar numa segunda semana na localidade portuguesa de Viana do Castelo. Infelizmente, no ano 2008, por decisão da naquela altura diretora geral de formação do professorado da Junta, M^a José Pérez Mariño, não se cobrou a pequena ajuda económica, que fora publicada no DOG, e os organizadores, que tiveram que fazer frente aos gastos ocasionados desde o seu próprio peto, de esta e de outras nove escolas de verão, que se tinham organizado esse ano em diversas localidades da Galiza (Ferrol, Monforte, Corcubióm, Verim, Celanova, Vimianço, etc.), tomaram a decisão de não organizar mais escolas de verão para docentes. Desta forma terminou também na Nossa Terra a renovação pedagógica da escola e do seu professorado de infantil, primária e secundária. Que aínda a dia de hoje continua viva na maior parte das comunidades autónomas do país, e especialmente na Catalunha.

A primeira edição das “Jornadas do Ensino”, programada para os dias 27, 28 e 29 de agosto de 1976 não se pudo completar no seu calendário e programa inicial. O Governador Civil de Ourense, cujo nome queremos esquecer, e que era asturiano, transmitiu a ordem de suspender as sessões desta primeira escola de verão histórica galega, de forma imediata, ao seguinte dia de iniciar-se no Colégio de Os Milagres. A guarda civil, uma vez tomada nota dos bilhetes de identidade dos organizadores e assistentes, deitou-nos a todos para fora do recinto. Entre os perto de 600 docentes de toda a Galiza que ali nos encontravamos, fomos testemunhas do acontecido de forma direta, por ser colaboradores da comissão organizadora dependente do Colégio Provincial de Doutores e Licenciados de Ourense, cujo decano era o professor Jurjo Pérez

Pintos, ao que pouco tempo depois substituiu quem subscreve, também como decano. O dia 27 de agosto de 1976 da-se início às “Jornadas”. A animação no centro educativo de “Os Milagres” era enorme, pois era a etapa da transição política em Espanha. Por isso ali estavam docentes de todo o tipo, com plantejamentos dispares, de tipo sindical, político e pedagógico. Líderes de diferentes sindicatos do ensino que começavam a sua andadura e lavoravam por fazer-se oco. Defesa de diferentes modelos. Havia debates profundos, levados com energia, mais sempre com respeito.

Os cursos, oficinas pedagógicas e obradoiros, incluídos no programa—os que se puderam fazer no primeiro dia— atraziam-nos. Ainda nos lembramos do curso de técnicas Freinet coordenado pelo pedagogo Antóm Costa, que chegou a ser posteriormente Decano da Faculdade de Educação de Compostela. Muitos dos que ali estavam, foram no seu momento destacados políticos, docentes nos diversos níveis que sobressairam pelo seu labor, dinamizadores de sindicatos e outros com cárregos oficiais.

No verão do ano 1977 as “Jornadas” não se celebraram, e muitos fumos esse ano à Escola d’Estiu “Rosa Sensat” de Bellaterra-Barcelona, dirigida por essa grande pedagoga que foi Marta Mata i Garriga. Onde todo funcionava sem problema, com uma matrícula de mais de dez mil docentes das diferentes comunidades. Os que estivemos ali decidimos recuperar as “Jornadas”. No verão de 1978, tem lugar no Colégio “Altamar” de Vigo a edição segunda. A terceira celébra-se do 29 ao 31 de agosto de 1979 na Universidade Laboral de Ourense. Em sucessivos anos, o Liceu A Paz de Corunha acolhe, do 25 ao 29 de agosto, a 4^a edição de 1980, a Escola Normal de Compostela, a 5^a do 26 ao 30 de agosto de 1981, e a 7^a do 29 de agosto ao 3 de setembro de 1983, e o Instituto “Valle Inclán” de Ponte Vedra, a 6^a do 5 ao 9 de julho de 1982. Onde são apresentadas as Normas para escrever de forma correta o idioma galego, publicadas esse ano pela ASPGP, e redatadas por uma equipa de filólogos dirigida pelo professor António Gil Hernández. Desde a

oitava edição do ano 1984, Ourense é a sede permanente das mesmas, com uma prolongação no ano seguinte de 1985 à localidade portuguesa de Viana do Castelo. Onde numa semana se organizaram atividades de renovação pedagógica na sua Escola Superior de Educação. Desde esse ano a nova denominação foi a de “Escola Internacional de Verão-Jornadas do Ensino de Galiza e Portugal”. Título que se manteve até o final, na sua última edição, a 32, do ano 2008, repartindo-se o local das atividades entre a Escola Normal de Ourense dos anos 1984 ao 1992, e um ano, o 1993, no Colégio “Padre Feijóo” da rua Dr. Fleming, para a 17^a edição. E de 1994 a 2008 no Liceu Recreio Ourenseano, com algumas atividades paralelas e complementárias de tipo prático, no CEIP “As Mercedes”, na Ludoteca da ASPGP, na escola infantil “Lecer”, no edifício “Simeón”, na Aula Cultural da Caixa para as sessões de cinema educativo, em algumas academias privadas e no Virtualciber.

Professorado e atividades



Isaac Alonso Estraviz.

Nas “Jornadas” têm participado ao largo dos anos, coordenando cursos e obradoiros, professores de verdadeira categoria. Entre eles há que destacar aos portugueses João Formosinho, António Sousa Fernandes, António Cabral, António Mota, Vítor da Fonseca, Manuel Pinto, António M. Ribeiro, Virgílio Caseiro, Luís Filipe Ferreira, Augusto Oliveira, Ana Paula Macedo, Carla Correia, M^a dos Anjos Faria, M^a Emília Vilarinho, Rosa M^a Gomes, Cristina Girão Vieira, Isabel do Vale, Carlos Reis, Carlos Fragateiro, Manuel Ferreira, António Lourenço Fontes, Fernando Saraiva, José Jara, J. David S. Araújo, José Nogueira Gil, M^a Lurdes Magalhães, Adélia Santos, Lucila Valente, M^a Elisa Gouveia, Paula Cristina Matos, M^a Rosa Colaço, Georgina Vilela, Manuela da Silva Correia, Dalila Brito, Rosa Torres e outros muitos. Mas também queremos destacar às argentinas Hilda Weissman e Ana e Gra-



Docentes no Liceo de Ourense..

ciela Pelegrín. Aos também argentinos Eduardo Averbuaj, Ezequiel Ander-Egg e Sérgio Aschero. Aos chilenos Pablo Berchenko e Adriana Castilho. À alemã Prisca Diedrich e à húngara Anna Pazstor. Ao astrónomo murciano Simón García, que criou em Ourense toda uma escola de amantes da astronomia. À especialista em conta-contos de Valhadolid Henar R. Navarro. Ao saharauí Mohammed Saleh Baha. A excelentes docentes vindos da Catalunha como Lluís V. Aracil, Lola Pastor, José M. Gil Meneses, Angel Mestre i Vila, Pedro Tebar, Carmen Santos Arbones, Mariana Giustina, Antónia Ramón Ros, Mireia Giol e Inma Marín (destacada especialista em jogos e ludotecas). Do País Vasco temos que resenhar a Guillermo Ojembarrena e Gotzon González. Também destacados professores universitários como Martín Rguez Rojo da universidade de Valhadolid, Jurjo Torres Santomé, Isaac A. Estraviz, Camilo Brandín, Miguel Zabalza, Ramóm L. Suevos, J.R. Vidal Romaní, Augusto P. Alberti, David de Prado, Francisco R. Lestegás, Manuel Deanho, A. S. Porto Ucha, Manuel R. Bermejo, Manuel Pinheiro, M^a do Carmo Henriques, Javier Ballesta, M^a José Aguilar, J. R. Alberte Castinheiras, José Roberto Soto, Alfonso Cid, Ramón G. Cabanach, José-Martinho Montero Santalha, e muitos outros que por falta de espaço é difícil resenhar.

Entre personalidades galegas destacadas, os já desaparecidos Isaac Diaz Pardo, Valentim Paz Andrade, Ricardo Carvalho Calero, Avelino Pousa Antelo, Manuela Ribeira e Manuel Maria. Entre os vivos encontramos como coordenadores de cursos e atividades a Felipe



Jurjo Torres Santomé.

Por Xosé Gonz3lez Mart3nez. Presidente do Foro E. Peinador

Irmandade Xur3dica Galega

O pr3ximo d3a 1 de xu3no a Irmandade Xur3dica Galega celebrar3 a XII asemblea anual na cidade de Pontevedra. A constitu3ntes tivo como escenario a vila de Celanova. Despois foron escollidas sucesivamente outras cidades e vilas para homenaxear a egrexios xuristas comprometidos coa causa da galegidade.

A tradici3n xur3dica galega, que est3 ben representadas en avogados de s3lida formaci3n human3stica, 3 desco3necida por inxentes promoci3ns de profesionais do dereito formados nas aulas da facultade de Dereito compostel3, e despois, coa segregaci3n das universidades, nas s3as hom3nimas de Vigo, Ourense e A Coru3na.

No s3culo XVIII foi figura sobranceira Bernardo Herbella de Puga, autor do "Dereito pr3ctico da Real Audiencia da Coru3na", que pretend3a po3ner en co3necemento dos avogados e xente

do foro, "os estilos tan enraizados en pr3cticas, usos e costumes seculares, que 3 preciso co3necer para acomodar as s3as actuaci3ns 3s caracter3sticas peculiares e f3sicas de Galicia". Outra figura, pero xa no s3culo XIX, foi Jos3 P3rez Porto, considerado como o autor que mellor estudou o dereito galego, como recolle o autor da "Historia do Dereito de Galicia", o profesor Rodr3-



guez Ennes, que deber3a ser de obrigada lectura para os futuros xuristas.

Esa tradici3n hab3a ter o seu momento de esplendor, tempo despois, cos xuristas das Irmandades da Fala. A todos eles dedicoulles a Irmandade Xur3dica Galega un v3lume que foi presentado na asemblea anual celebrada en Monforte de Lemos co gallo do centenario da fundaci3n das Irmandades e homenaxe a don Manuel Banet Fontenla, que tivo notari3a naquela vila. Do seu compromiso coa lingua galega quedou moita obra escrita na que denunciou "a incomprendible pragm3tica dos Reis Cat3licos que obrigaron a dar todos os instrumentos p3blicos na fala de Castela". Coet3neo foi Salvador Cabeza de Le3n, profesor da Facultade de Dereito e primeiro presidente do Seminario de Estudos Galegos.

Decisivo foi tam3n3n3 Porteiro Garea profesor no mesmo centro, e do seu auxiliar na c3tedra, Pe3na Novo. A n3mina compl3tase con Roberto Gonz3lez Pastoriza, os maxistrados Sebasti3n

Mart3nez-Risco, Ferm3n Bouza Brey e Ram3n Carballed Pernas. Un n3cleo importante de forxadores da galeguizaci3n xur3dica dos que queda constancia na numerosa bibliograf3a publicada e monumentos colocados en r3as e prazas que perpet3an a s3a memoria, promovidos pola Irmandade Xur3dica Galega.

Este ano homenaxearase a Xos3 Fari3a Jamaro, outro xurista que foi secretario xeral da Deputaci3n de Pontevedra e Oficial Maior do Parlamento de Galicia, autor dunha prol3fica obra literaria e de investigaci3n en lingua galega.

Este labor ininterrompido da Irmandade Xur3dica Galega conseguiu aglutinar a trescentos operadores xur3dicos e funcionarios xudiciais nunha aut3ntica lexi3n de galeguizadores, que ser3 ampliada con m3is de vinte novas incorporaci3ns.



Sen3m L3pez G3mez, Begonha Bas, Francisco X. Silva Pando, Adela Figueroa, Carlos Dur3o, A. Mart3nez Coelho, Pl3cido Blanco Bembibre, J. J. Santamar3a Conde, Lois Celeiro, Jos3 R. Casanova Otero, Jesus Carrera Santana, Aurora Pazos, Jos3 Fern3ndez, Mario Guede, Alfonso Vilach3, Armando Ojea, 3ngel Cerrato, Ermitas Acevedo, Eduardo Lamas, Andr3s G. Fortes, Ernesto Nogueira, Flora Iglesias, Ant3nio Saco Cid, Julio F. P3rez, Rem3dios 3lvarez, Patr3cia M3rias, Jorge Barreras, Jorge Cardoso, Natividad A. Baz, Jos3 Manuel Garcia, Roberto G3mez, M3guel A. Campos, Anxo Garcia, J. R. G3mez Cachaldora, Juan A. Hervella, Paulino Penha, Jesus Garrido Su3rez, Anna Luisa Rei, M3 Paz Vizoso, Marisol Blanco, Am3lia Gonz3lez, Jos3 Vieito, Conchita Caminha, Tito Guzm3n, Juan J. Lamelas,

M3 Carmen Quinteiros, Montserrat Fern3ndez, Servando Barreiro, David Cort3n, Gonzalo I. Sueiro, David Prada, Gemma Tijero, Elena Colmenero, Valentim R. Fagim, Iago L. Santos, C3sar Lombra, Arturo Camba, Ramiro Sueiro, Ismael Alonso, Olga Ara3jo, Sabela Fandinho, Raquel Mera, Vir3inia Regueiro, Catarina S3nchez, Ot3lia Cardalda, M3 das Dores A. Paio, Ant3nio Pinheiro, Lup3rcio G. Hern3ndez, Margarida Vilhar, Jesus Diaz Seoane, Flora Igl3sias, 3ngeles Carvalho, Jorge Pereira, Quico Penha, Anabel Berm3dez e os irm3os M3 das Dores, Salom3 e Ant3nio F. Senra. Cap3tulo aparte merece ser mencionada a participaci3n de grandes dinamizadores, que deixaram durante anos una enorme impronta entre os docentes que assistiam aos cursos e obradoiros: o cantautor Suso Vaamonde, que ademais de animar as excurs3ns, ensinou numerosas cantigas populares galegas a moitos mestres; as mestr3s de pl3stica M3 Flores G. Nieves e Maite V3zquez, a especialista en conta-contos Beatriz Igl3sias, as ludotec3rias Encarna Varela e Chelo Augusto, a mestra de infantil Blanca Nieves Gonz3lez, o enxe3eiro Santiago Lucas, com o seu obradoiro de astronom3a, o fil3logo e

historiador Jos3 Manuel Barbosa e as artistas do coiro Elena Ferro, de encadernaci3n Pura Agilda, de tridimensionais Mari3 G. Agualevada, de globofl3xia e papirofl3xia 3scar Diaz, de tear M3 Carme Ricoi e de cestaria M3 Jesus Labrador Sequeiros. Tamb3m o grande especialista em Psicomotricidade Lu3s A. P3rez Rivas; o excelente mestre de matem3ticas, criador de un m3todo l3dico para o seu ensino, Ambr3sio Borrajo Conde, e os xornalistas David Paz N3voa, actualmente mestre do col3gio de Bai3m en Vila Nova de Arousa, e Daniel P3rez Torralbo, que coordinaram o primeiro obradoiro pr3ctico de utilizaci3n da imprensa nas aulas, ensinando aos asistentes a elaborar o xornal escolar.

Sensibilizar aos docentes para fazer das suas aulas algo moito atrativo para os estudantes, que deviam sentir-se como peixes na 3gua, era o obxectivo fundamental das actividades que se organizavam. E apoiar a mudan3a de m3todos, t3cnicas e estrat3gias did3cticas. Para lograr un ensino mais vivo, mais din3mico, mais aut3ntico, mais ecol3gico, mais humano e mais pr3ximo ao entorno e aos discentes. No que os docentes se encontraram



Isaac D3az Pardo.

tamb3m moito a gosto com o seu labor. Para lograr isto se organizaram ao largo das 32 edici3ns actividades eminentemente pr3cticas, moitos obradoiros e cursos, sem descuidar nem unha das 3reas do ensino, tanto de express3n como de experi3ncia, e dando-lhe moita import3ncia a todas as 3reas art3sticas sem excepci3n. Os programas completavam-se com debates, foros, intercambios de experi3ncias, mesas redondas, ciclos de cinema educativo, excurs3ns o 3ltimo d3a a numerosos lugares de Gal3za e Portugal (cidades e comarcas), roteiros da natureza e art3sticos, visitas a museos, centros etnogr3ficos e artesanais, exposici3ns de recursos did3cticos alternativos e variados, danza, m3sica, canto, teatro e fantoches, recitais, xogos populares e tradicionais e festivais.



Joao Formosinho.

Opinión

Baldomero Iglesias Dobarrío, Mero.

Podémonos enfadar?

Clarísima tendencia de recuperación. Terremoto electoral. Polarización da política extrema. Quizais o discurso está gastado. Base sólida para as municipais. Iamos espídeos. A deles é unha opción fracturada. Coñecen moi ben os arrabaldes. Non renuncian aos privilexios que teñen. En remontada mentres outros perden. Envellecemento progresivo. Emigración. Inestabilidade. Faltando nós, non haberá pluralidade. Acadan cotas grotescas. Nós forzamos a estabilidade como paradigma. Tocaré reflexionar? Algún día a extrema dereita ha votar cos independentistas. Temos que votar para defendernos. Non escoitaron o que dicíamos. Eses aburren ás ovellas. Romperemos teitos, no futuro. En tanto espazo, afogamos. Caeron en grave derrota. A dereita regresa ao centro. Somos un plus de resistencia, suaremos camiseta. Somos alternativa para as autonómicas. Eles esgrimiron medos, nós esperanza. O voto segue indo para que todo siga o mesmo. Hai que abrir as portas. Os do rural non saben ache-

garse. Necesitamos salvar as ideas. Non gobernaron para todos. Fracaso das confluencias. Son uns salva-patrias e recuperan pouco. Iranos mellor nas locais, seguro. As Mareas fan augas. Medramos, pero.... Governarán con xeometría variable. Os críticos fracasan. E iso que nós temos vontade de acordos. Que se poñan de acordo eles con nós. Debemos darlle carpetazo á dúbida e ao farol. Forte erosión. Somos tantos, non cabemos. Aínda andan coa anestesia de quirófano. Parecemos sepulcros floreados, expertos en escenarios móbiles como as orquestras de masas. As que todo son fume. Podemos adaptarnos ao peor. Alá van e levan o seu séquito! Comprenderán? A eses hai que bloquealos. De todas formas votou moita xente! Como para dicir que estamos equivocados! Que va! A xente ten memoria, e gárdallas. Explicóme? Que se está a facer mal? Seremos felices ignorantes ou precisamos anovarnos. Está clara a boa racha na que andamos. Perdémonos compracidos, sen autocrítica. Gañamos o papel "cero" de repre-

sentatividade. Iremos a poucos, en círculos concéntricos. Outros perderon máis. A nosa opción é facilmente gañadora. Sempre facemos revisión certa. Son moitos os queimados. Governaremos con apoios, apoiaremos gobernos. Lixeiro avance acadando representación, mais os resultados non enchen os obxectivos. Haberá que seguir traballando. Foi un tsunami electoral. Haberá cambio de goberno. Estamos condenados a entendernos, ou senón estamos condenados. Un pacto de perdedores será quen governe. Quedamos moderadamente satisfeitos. Isto é un cambio de ciclo. Quedamos a medio camiño. Somos a maioría de progreso. Están todos, e nós? Mira que mesmo vai un de Cantabria a Madrid! Alá non se vota igual que aquí. A nós, non nos escoitan. E nós, onde estamos? Non se contenta quen non quere. Listos para ser oposición. Toca defender as nosas ideas.

Estas foron palabras e titulares destes últimos días, de vencedores e derrotados. Durante as campañas todos foron maleducados e queimaron as ansias de concordia e convivencia. Deron moi mal exemplo. O peor: as outras dúas

nacionalidades "constitucionais" do Estado afirmáronse e nós, pelexando e rabuñados, divididos e dando prazos para que esnaquicen o que queda de País, Cultura, Lingua, industrias e con toda a paisaxe social deprimida do rural, despois dunhas eleccións fundamentais e decisivas. Catro anos máis relegados das cruciais decisións e debates do Estado e de Bruxelas. O colmo é velos contentos, sacando peito, dos resultados cando deberíamos estar no escándalo das derivas ás que nos trae este egoísmo e torpeza!

Neste soño marabilloso que aínda non foi quen de seducir ás novas xeracións, de encarar novas circunstancias desde novas linguaxes integradoras, afectivas e efectivas. Mágoa se non somos quen de reflexionar coa crítica certa para, anque só sexa, poñer por diante a Matria e o Pobo, arredar siglas e intereses prendidos na perda do creto, na lería e no espectáculo que unha vez máis nos afundiron. Haberá algunha razón, creo eu!



Por Fran Blanco Dorrego

Grazas Marvel

Desde sempre, a humanidade creu en grandes heroes; o comezo das grandes civilizacións, a maior parte dos mortais, fantaseaban cas grandes xestas de Deuses e semideuses como Zeus, Perseo, Afrodita, Gilgamesh... Estes mitos foron forxando grandes lendas e Odiseas (grazas Homero), as cales elevaban os maiores desexos dos mortais, que se esquecían por unhas intras das penumbras da vida cando se sumerxían nas grandes historias dos antes citados heroes.

E todos estes mitos e lendas han ir transformándose durante milenios ata os tempos contemporáneos; Nos cales, grandes creativos déronlle unha volta a todos estas historias ata crear aos que hoxe en día coñecemos como superheroes modernos.

Unha minoría de persoas coñecémoslos na nosa infancia, lendo cómics os cales mercabamos nalgunha tenda especializada ou se tiñamos a sorte de coñecer a alguén ca mesma afección

ca nos, intercambiándoos con eles.

Co paso dos anos, os poucos afeccionados que quedabamos, eramos vistos como uns rariños con gustos de nenos pequenos. Por suposto, isto último pouco nos importaba; e de súpeto, e tras varios intentos por parte de non poucas compañías cinematográficas, fai 11 anos, Marvel comezou a crear un gran universo cinematográfico e unha saga encuberta que foi as delicias dos afeccionados aos superheroes, e tamén aos que non leran un comic na súa vida.

Desde Iron Man alá polo 2008, ata a recente Endgame, crearon 22 filmes, cada un aportando o seu pequeno grao de area, preparando todo para un grandioso colofón final composto por dous filmes:

A estreada o ano pasado, Vingadores Infinity War, a cal aportounos a un dos millores viláns da historia, batallas

epicas e un remate totalmente inesperado, que hila milimetricamente co xenial peche final que foi última estreada, Vingadores Endgame. Unha tremenda homenaxe a todo o universo que crearon, logrando pechar con maestría o ciclo dos actores máis veteranos e facendo múltiples guiños aos fans dos comics de toda a vida.

Todo isto citado, corrobóroa o sen-



timento xeneralizado que provocou este filme, que máis que un estreo de cinema, foi un gran evento social, o cal séntome moi afortunado de poder vivir en primeira persoa, tanto o seu comezo, como o seu remate. É increíble poder compartir con centos de persoas

o mesmo sentimento; aplaudindo, chorando, rindo e emocionándonos todos xuntos en comunión nunha sala de cinema. Isto señores, poucas ou ningunha vez logrouse antes. E menos aínda nestes tempos que corren, onde demostrar sentimentos en público sobre certos temas, está, canto menos, visto de xeito estraño.

Por todo isto e moito máis, agradezo enormemente a todos os que fixeron posible este xenial universo, facéndonos evadirnos por un intre as nosas vidas comúns e imaxinando un mundo mellor. Exactamente igual que os nosos antepasados cando lían as grandes odiseas e lendas dos deuses.

O devandito, grazas Marvel Avengers Assamble.

PD- E por suposto, todo isto é unha opinión persoal. Entendo que a moita xente non lle gusten estes filmes e que non conecten con eles. Pero o que ninguén pode negar, é da gran calidade de moitas destas películas, e de que, desbástalle a quen lle desbasta, isto xa é historia do 7 arte. Non todas as obras mestras teñen que parecerse á pesca do salmón en Yemen.

Ourense celebrou a Feira do Libro

A Feira do Libro de Ourense mantívose durante tres días nas casetas da rúa Paseo. O pregoeiro foi José Manuel Domínguez Álvarez "Yosi" do grupo musical Os Suaves. O artista asinou exemplares do seu libro "Canciões, algún descoído e dous ou tres fotografías" acompañado da banda sonora da Brass Band, dirixida por Óscar López, profesor do Conservatorio Profesional de Pontevedra

A feira acolleu numerosas firmas de libros de autores galegos como a ourensá Yessica Prol, autora de "O gardabosques" e Luís Denis Crispín, natural de Leiro, que



Os libeiros venderon exemplares na rúa do Paseo.

presentou o seu libro "Paraiños". A historia é unha recompilación dunha parte dos seus escritos ao redor dos seus amores, desamores e pensamentos sobre o ser humano. Crispín mostrou as súas reflexións máis profundas

nas páxinas do volume.

Participaron doce librerías de Ourense ademais da Deputación, co seu fondo editorial, e a Biblioteca Pública, que ofreceron un 10 por cento de desconto no prezo de todos os libros.

A Xunta colabora coa Peroxa no saneamento de Corneda

O Concello da Peroxa recibiu 30.000 euros do Fondo de Compensación Ambiental para obras de saneamento no lugar de Corneda. Os concellos da provincia de Ourense recibiron este ano preto de 1,4 millóns de euros ao abeiro do FCA que subvenciona investimentos relacionados coa mellora do entorno e a conservación natural. Concretamente, na súa liña competitiva o Goberno galego apoiará con 915.793,42 euros a execución de 30 pro-



Con esta actuación eliminaranse as verteduras sen depurar.

xectos noutros tantos concellos e en catro mancomunidades da provincia ourensá. Das actuacións que se van a levar a cabo no territorio ourensán ao abeiro do Fondo de Com-

pensación Ambiental, 20 corresponden a solicitudes individuais de concellos, mentres que as 10 restantes se executarán pola solicitude conxunta de varios concellos. Con res-

Rajoy, triste polo seu partido



Mariano Rajoy en Adegas do San Vicente, na Rúa Nova.

Mariano Rajoy Brey, xunto con Alberto Núñez Feijóo e José Manuel Barreiro estiveron en Lugo, despois viaxaron a Ourense, para arroupar ao candidato á Alcaldía da cidade, Ramón Carballo, que conseguiu 10 edís pero non obtivo maioría. O ex presidente do

Goberno dixo a Novas do Eixo Atlántico que: "Eu estou ben pero moi triste polo que lle está pasando ao meu partido". A comitiva do PP co delegado da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro Orol, percorrendo a zona vella de Lugo e entraron en locais de viños.

pecto á liña non competitiva, 10 concellos foron beneficiados do Fondo por importe de 439.459,03 euros.

Marta Fernández-Tapias, directora xeral de Administración Local, e o alcalde en funcións, Manuel Seoane, analizaron as obras que se van a executar grazas a estes fondos e que consisten na mellora do saneamento no núcleo de Cor-

neda. Na actualidade Corneda carece dunha rede de recollida de augas residuais procedentes das vivendas. Grazas a achega da Vicepresidencia realizaranse as obras necesarias para a recollida e condución das augas residuais deste núcleo de poboación ata un colector existente da rede municipal de sumidoiros que discorre cara á EDAR deste municipio.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Bregóan – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témex Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – PORTUGAL: Hilaria Albertina Dantas Antelo – Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho – MADRID: Juan Louzán – BARCELONA: Fdez. Valdeorra – PAIS BASCO: Nicolás Xamardo – CANARIAS: Fco. Puñal – NOVA IORQUE: Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Orifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badaeux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017

O FARELO

Xornal Cultural
para o Lecer

Humor

Por Francisco Puñal Suárez

24ª Bienal do Humor e a Sátira na Arte, de Gabrovo

Unha vez máis a Bienal de Gabrovo reafirmase como un dos eventos culturais máis importantes de Bulgaria, e convértese nunha festa da arte, onde se recoñece a intelixencia e a crítica, factores indispensables do humor!

O danés Niels Bo Bojesen, en caricatura, e os ingleses Tom Cardew e Katerina Rankovic, cun vídeo, na sección de arte contemporánea, recibiron, respectivamente, o Esopo de Ouro, na Casa do Humor e a Sátira, de Gabrovo.

A Bienal, concibida como unha ponte entre o leste e o oeste, lévase a cabo desde 1973 por iniciativa do concello municipal, e estivo reunindo artistas de todo o mundo durante 46 anos e promoveu os mellores logros do humor e a sátira na arte búlgara

e mundial.

Hai que recoñecer como un verdadeiro milagre que, tralos cambios políticos en Bulgaria, coa caída do campo socialista, as actividades da Casa do Humor e a Sátira, de Gabrovo, as bienais que organiza, así como as diversas exposicións, actuacións, presentacións de li-

brós, proxeccións e charlas que alí se realizan, mantivéranse co tempo.

Nesta edición, a Bienal recibiu 737 obras na sección de Arte Contemporánea, das que foron seleccionadas para a exhibición 69. En caricatura foron exhibidas 113, de 475 enviadas por artistas de todo o mundo.



Pequeño cambio, Premio en Caricatura - Magdalena Wosik, Polonia



Cemento - Kustovsky Oleksy - Ucrania




Debate - Sajad Rafeei, Irán



Periódico - Cau Gomez, Brasil



Gran Premio en Caricatura - Niels Bo Bojesen, Dinamarca



Club especial - Jovcho Savov, Bulgaria



El muro - Agim Sulaj, Italia





El último árbol - Stefaan Provijn, Bélgica



Prensa - Musa Gumus, Turquía

Humor

MARTIRENA



FELIX



Trumpeta

FUCO PRADO



XXVIII Certame Municipal de Teatro en Monforte

A Casa da Cultura Poeta Lois Pereiro acolleu o acto final do XXVIII Certame Municipal Teatro para Centros de Ensino 2019 de Monforte, que consistiu na entrega de premios a todos os participantes: seis centros de ensino e unha asociación convidada. Os centros galardoados foron o IES A Pinguela, CPR Ferroviario, Colexio PP. Escolapios, CEIP A Gándara, CEE Infanta Elena e CEIP Monforte; a asociación convidada este ano foi Prodeme.

O Concello, que organiza dende hai anos este evento a través da Concellería de Cultura, colaborou cos centros de ensino participantes aportando material para a realización de cada obra de teatro representada por unha cantidade máxima de 100 euros. Tamén sufragou os premios que se lle entregaron a cada entidade participante, consistentes na gravación en DVD de cada obra representada, que foi entregada en cada caso a cada un dos participantes, así como dun diploma acreditativo da súa participación no certame.

28 edición

No ano 2019 foron sete as representacións teatrais postas en escena, participando seis



Salón de actos da Casa da Cultura Poeta Lois Pereiro.

centros de ensino e unha asociación invitada, contando con 94 actrices e actores, 56 mulleres e 38 homes, 14 persoas dos equipos de dirección e outras encargadas de aspectos técnicos, decoración, maquillaxe...

O Certame programado neste ano entre o 24 de abril e o 9 de maio tentou chegar a unha parte importante da poboación monfortina ao mundo do teatro a través dos seus centros de ensino. Estes, xunto coa Delegación de Cultura, consensúan as bases do certame e logo buscan, preparan e montan as obras de teatro que representarán para o público en xeral e tamén para os seus propios centros. A realización desta actividade non sería posible sen o apoio incondicional dos equipos directivos dos centros de

ensino e sobre todo dos seus profesores, que coa súa implicación e enorme traballo logran estes magníficos resultados.

O Certame é unha das actividades culturais que leva máis anos realizándose dende o Concello xa que, xunto cos centros de ensino da cidade, leva convocándose dende o ano 1991. Edición tras edición acadou un grande éxito en moi diferentes facetas entre as cales salientan a alta e entusiasta participación de nenos e nenas dos diferentes centros e a masiva presenza de público nas representacións teatrais. O Concello busca a través do certame desenvolver as potencialidades artísticas e técnicas do alumnado e das persoas que o orientan, fomentando a convivencia, a tolerancia, a cooperación e a solidariedade.

Restauración en San Vicente do Pino

O Ministerio de Cultura e Deporte destinará algo máis de 800.000 euros para restaurar o interior do templo do mosteiro de San Vicente do Pino, en Monforte de Lemos. O Boletín Oficial do Estado (BOE) publicou o 27 de maio o anuncio de licitación deste proxecto, cuxo importe ascende a 807.900 euros, unha cantidade, que "se suma ao importante investimento do Estado para a

preparación de Galicia ante a cita do Xacobeo 2021", dixo o delegado do Goberno en Galicia. Javier Losada informou que esta obra permitirá recuperar "a visibilidade das pinturas murais e a policromía afectadas pola humidade, o paso do tempo e a intervención humana.



Mosteiro de San Vicente do Pino, en Monforte.

Cartel de festas de Monforte



Sonia Álvarez, ao carón do alcalde.

O Concello de Monforte ven de facer público o cartel gañador das vindeiras Festas Patronais da cidade, que terán lugar do 11 ó 16 de agosto de 2019. A autora gañadora deste

concurso, recuperado polo actual equipo de goberno en 2016, foi Sonia Álvarez Carnero, veciña de Anllo-Santo Estevo, do Concello de Sober, coa obra "Xanela Panorámica".

As adegas de Pantón venderon cinco mil botellas de viño



Inauguración da feira.

Pantón celebrou a XXVI Mostra dos Viños da Ribeira Sacra e o Concello estima que preto de dez mil persoas pasaron durante os tres días polo recinto feiral, consumindo ao redor de 5.000 botellas de viño que puxeron á venda oito adegas adscritas á denominación de orixe. Paralelamente celebrouse a cuarta Feira da Empanada. Segundo os cálculos do Concello, medio milleiro de persoas achegáronse para probar un produto gastronómico con enorme tradición en Pantón pola súa calidade.

O alcalde, José Luis Álvarez Blanco, cre que foi a máis concorrida e destacou a alta calidade dos viños amparados pola denominación de orixe

Ribeira Sacra que se elaboran en Pantón. Manifestou que é todo un luxo "ter tres ribeiras: as do Sil, Miño e Cabe", o que ao seu viño confire aos caldos elaborados no municipio matices que non se poden atopar noutras partes da comarca.

No municipio hai nove adegas inscritas no consello regulador da denominación de orixe Ribeira Sacra. Tamén conta cun dos números máis altos de viticultores adscritos, 340, despois de Sober e Chantada. O territorio pantonés ten rexistradas no consello regulador 184 hectáreas de viñedos, un número que subirá si se admiten as 300 nas que plantou vides un empresario hostaleiro de Canarias oriundo de Pantón.

Redacción LUGO

Viño e cereixas van da man en Belesar

Belesar celebrou a 14 edición da Feira do Viño e da Cereixa durante tres xornadas. José Maril Sánchez foi o pregoeiro presentado ao público por Ramón Rodríguez Porto que sinalou que "aquí non traemos profesionais das pasarelas".

"Estamos ante unha campaña histórica", asegura Ramón Porto produtor de cereixas na zona de Belesar. Unha dúcia de colleiteiros das oito parroquias "da regaña do Miño" que teñen cerdeiras en produción, participaron da Festa da Cereixa en Belesar ademais de catro ade-

gueiros. "A campaña empezou o pasado día 8 de maio e si o tempo axuda non rematará ata finais de xuño", explicou Porto. Nesta campaña recolleron uns 60 mil quilos das 6.000 cerdeiras que hai entre Concello de Chantada e Concello O Saviñao. Os máis vellos da zona sinalan que actualmente recollese a metade da produción de fai 40 anos. As primeiras son as temperás ou portuguesas. Logo maduran as onza, da media onza, a garrafal e outras. San Pedro de Líncora, A Sariña, Nogueira, Santiago de Arriba e Belesar son as zonas produtoras na ribeira do Miño. Dín os produtores que as cerdeiras son árbores agradecidas: non hai que podalas nin darlle tratamentos, só recoller o froito.

A colleita de cereixa foi abundante este ano e a caixa de dous quilos pagouse a dez euros en venda directa. Ramón Rodríguez cultiva máis de catrocentas cerdeiras na ladeira de Líncora, situada ao lado de Chantada. Concéntranse nunha soa parcela, algo atípico. "Meu pai traballaba tres meses ao ano. Mes e medio recollía cereixas e o outro mes e medio, castañas". Cereixas e viño foron sempre da



Comensais no xantar popular.



Políticos de Chantada xantando.



Guillermo Rodríguez entrevistado para "A Revista" da TVG.



Saboreando o viño de Adegas Fontao.

man na ribeira de Chantada, pero seguiron camiños opostos. O viño rexorde e as vellas cerdeiras van secando sen que apenas os replanten. "As cerdeiras foron vítimas primeiro do despoboamento, e agora

do modernismo do viño" dí Ramón Rodríguez. "Coa campaña da cereixa empecei ou 5 de maio e conto seguir vendendoas ata ou San Xoán ou o San Pedro", afirma convencido.

Salón Internacional do Cabalo

Equigal, Salón Internacional do Cabalo de Galicia, celebrouse no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo cun gran éxito de participación e de público con 16.000 visitantes.

O deputado Santos Ramos subliñou que "tras máis dunha década de celebración do Equigal en Lugo, esta cita está asentada completamente na nosa provincia e sitúase nos primeiros postos dos ranking

nacional do mundo equestre. Desde a Deputación apoiamos esta iniciativa que contribúe a dinamizar a economía da provincia impulsando directamente o sector primario e tamén o deporte, o ocio e o sector servizos".

Neste encontro tivo lugar unha exhibición de "Salto de Obstáculos Cidade de Lugo" con diversas probas que se disputaron seguindo baremos de contrareloxo, caza, poten-

cia... Houbo tamén un Concurso de Andadura Galega Federado, unha proba na que se reconece á Andadura Galega como modalidade federada de deporte de Galicia.

Equigal 2019 contou ademais cunha zona de exposición e venda formada polas ganderías participantes nos concursos morfolóxicos e unha zona de ocio infantil con diversas actividades relacionadas co mundo do cabalo dirixidas aos



Equigal celebrouse en Expulgo.

máis cativos, como inchables e paseos equestres.

A Xunta licita as obras de restauración do cubo XXXI da Muralla de Lugo

A Consellería de Cultura e Turismo licita as obras de restauración do cubo XXXI na Muralla de Lugo, por un importe de 146.500 euros. O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, explicou que a intervención servirá para consolidar a estrutura do monumento á altura da rúa Clérigos e terá un prazo de execución de dous meses. Os traballos están dirixidos a atallar algunhas patoloxías, como a filtración de humidades e a acumulación de auga que preme sobre o muro interior, consolidando o monumento neste punto. Será preciso proceder á escavación manual arqueolóxica do adarve e escaleira ata a cota orixinal romana.



A escavación permitirá restaurar, documentar e protexer a escaleira, e impermeabilizar a estrutura do cubo con distintas capas de xeotéxtil, arxila natural e grixo, para finalmente completar o recheo e repoiar os muros e os petos. O seguimento arqueolóxico da obra inclúe a realización de dúas catas coa finalidade de definir o trazado orixinal do cubo romano, a documentación da escaleira, e o levantamento topográfico e a fotogrametría 3D da escaleira exhumada.

Regina Viarum, o mellor tinto galego en 2018

O International Wine Challenge (IWC) deu a coñecer os premios correspondentes ao seu trixésimo sexta edición. Os seus organizadores sinalan que o IWC "é recoñecido como a competición de viños cun xurado máis meticuloso" a nivel mundial. Cada un dos viños premiados debe superar, para ser distinguido, tres catas diferentes. En cada unha destas catas participan 12 catadores de recoñecido prestixio. Regina Viarum, de Doade (Sober) obtivo 92 puntos neste certame.

Esta distinción consolida a Regina Viarum como referente en calidade entre os viños da Denominación de Orixe Ribeira



Turistas catando viños en Adega Regina Viarum.

Sacra. O ano pasado, os viños de Regina Viarum xa obtiveran sete premios en diferentes certames internacionais como o Decanter World Wine Awards ou o propio International Wine

Challenge. Os viños de Regina Viarum tamén foron distinguidos no concurso internacional Bacchus, en cuxa organización e xurado participa a Unión Española de Catadores.

A Pousada de Portomarín sae a concurso de explotación



Recepción da Pousada de Portomarín.

A Consellería de Cultura e Turismo publicou na plataforma pública de Contratos de Galicia o concurso para a xestión e explotación integral da Pousada de Portomarín. A concesión será por 20 anos e estímase que nese prazo xerará unha cifra de negocio de 13,7 millóns de euros netos. As empresas interesadas en concorrer á licitación teñen de prazo ata o día 24 de xuño para presentar as súas ofertas. O contrato inclúe a realización de obras de reforma e a dotación dos equipamentos e mobles necesarios. Neste sentido, a Xunta achega un proxecto básico que establece a necesidade de investir preto de 500.000 euros na remodelación, se ben é adaptable polo concesionario para axustarse ao modelo de negocio e explotación que ofrezca na súa proposta.

Igualmente, a concesionaria sufragará os gastos de persoal -contémplase a contratación dun mínimo de 11

profesionais-, de subministración e de mantemento, os custos de explotación en xeral e un canon mínimo anual de 12.000 euros que abonará á Xunta de Galicia.

A Pousada de Portomarín está situada nunha finca no centro urbano e conta cunha superficie de 6221 metros cadrados e un total construído de 4245 metros cadrados repartidos en aparcamento e piscina exterior, semisoto e tres plantas. Delas, a baixa conta con recepción e comedor, o primeiro andar alberga 20 habitacións e unha suite e a terceira planta outras 12 habitacións e unha suite.

Trátase dun establecemento tranquilo, acorde co entorno natural, polo que está destinado aos visitantes. Ademais, a Pousada de Portomarín atópase no traxecto do Camiño de Santiago, sendo o final da primeira etapa do tramo máis popular do Camiño Francés, por ser o tramo mínimo co que se outorga a Compostela.

Os premios Galiciencia foron entregados na Tecnópole

Na Tecnópole, ubicada en San Cibrao das Viñas, entregáronse os premios aos proxectos de Galiciencia na que participaron 150 investigadores e investigadoras noveis de 30 centros galegos. Os vencedores da Galiciencia 2018 gañaron o pasado mes o primeiro premio da maior feira estatal, Exporecerca, e serán os representantes españois no certame europeo Expo Science Europa. Ademais, un participante das primeiras convocatorias foi o encargado de deseñar a aplicación móbil coa que o xurado valorou os distintos proxectos que nesta edición tiñan como temática principal a saúde e os bos hábitos. A feira, que cumpre 14 edicións sumando visitantes e centos de proxectos, consolidada Tecnópole como un espazo de referencia para a divulgación da ciencia e da innovación.

Proxectos premiados

O proxecto de loita biolóxica contra a avespa velutina



A Xunta valora Galiciencia porque esperta vocacións científicas na xuventude.

desenvolvido polos estudantes Nuno Sinde e Pedro Fernández do Colexio Internacional SEK-Atlántico de Poio é o gañador absoluto da Galiciencia 2019. Reciben 1000 euros para financiar a súa participación noutra feira científica de carácter estatal, a Exporecerca 2020 (Barcelona).

O segundo premio, dotado con 500 euros para asistir á feira científica vasca homóloga da Galiciencia, a Zientzia Azoka, correspondeulle ao sistema de acendido intelixente para

vehículos acoplado a un alcohómetro, de Pablo Páramo do Colexio Maristas Santa María de Ourense.

En terceiro lugar quedou Iria González, do Campamento tecnolóxico T2W de Tecnópole. Esta estudante ourensá demostra que a aparente base de azar do programa de televisión The Wall é falsa. Ademais outorgáronse varias mencións especiais nas categorías de saúde e bos hábitos, mellor comunicación oral, innovación e método científico.

A Xunta dotará de persoal ás oficinas de turismo

A Consellería de Cultura e Turismo vén de resolver as subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia para para a contratación de persoal nas oficinas de turismo. Estas achegas ascenden a 59.949



Casa Consistorial de Nogueira de Ramuín, en Luintra.

euros e, segundo a delegada da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira, "favorecerán a potenciar a imaxe turística dos municipios ourensáns, que ano tras ano atraen a un maior número de visitantes ao medio rural da nosa provincia".

Díaz Mouteira subliñou que por tratarse dunha liña de concorrencia non competitiva, beneficiáronse tódolos concellos e xeodestinos que a solicitaron en tempo e forma. Así, a delegada territorial detallou os beneficiarios na provincia de Ourense desta liña de subvencións destacando que "estas contrata-

cións realizaranse nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, por tratarse dos meses de maior afluencia de viaxeiros".

Os concellos beneficiarios destas achegas, cunha contía media 5.100 euros, foron os de Allariz, O Carballiño, Celanova, Leiro, Nogueira de Ramuín, Parada do Sil, A Pobra de Trives, Ribadavia e A Veiga. Tamén recibiron esta axuda o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, a Mancomunidade de municipios da comarca de Verín e a Mancomunidade Turística dos concellos do Carballiño, Ribadavia, Boborás e Leiro.

A Escola Fogar de Mariñamansa será Centro Galego de Innovación da FP

A conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, Carmen Pomar, explicou no Parlamento de Galicia que o seu departamento comezará as obras de construción do novo Centro Galego de Innovación da FP en Ourense este mesmo ano. "Unha vez definido o proxecto básico, a Consellería de Educación agarda poder dispor do proxecto de execución arredor do 15 de xullo, co obxectivo de licitar as obras nese mesmo mes e poder comezas as mesmas a finais do mes de outubro", sinalou.

O centro situarase na antiga Escola Fogar de Mariñamansa, un edificio de 2.600 metros cadrados "que merece a pena recuperar porque ocupa un lugar estratéxico, ao estar próximo ao CIFP A Farixa", indicou. Isto permitirá reciclar a estrutura e os peches exteriores do edificio existente e introducir aquelas modificacións que permitan converter o interior da Antiga Escola nun espazo o máis diáfano posible, con particións flexibles que permitan espazos intercambiables segundo as distintas necesidades de usos.

O edificio terá unha cuberta superior vexetal, sobre a que se estenderá a instalación solar fotovoltaica do edificio e na que haberá áreas para situar toda a maquinaria de instalacións que se poidan precisar. O edificio contará con catro áreas de traballo similares, nas que se garantirá "a flexibilidade e capacidade de adaptación a novos usos de cada unha delas, así como a súa independencia e intercambio dentro da organización xeral do edificio". O obxectivo do proxecto é "adoptar solucións técnicas encamiñadas a



O centro buscará unha maior eficiencia enerxética.

conseguir unha maior eficiencia enerxética e un menor consumo, así como dotar ás instalacións das condicións e

mecanismos que o fagan saudable, seguro, comfortable e eficiente", explicou a conselleira.

A Coral de Ruada xa ten unha praza

A Coral de Ruada dá nome á praza situada na confluencia da rúa Xoán de Novoa e a Avenida de Buenos Aires, froito da homenaxe que o Concello de Ourense rendeu á agrupación ourensá, co que culmina o expediente de honras aberto á agrupación ourensá no centenario do seu nacemento. O alcalde, a Corporación e representantes da Coral participaron nos actos que se desenvolveron primeiro no salón de plenos e posteriormente na praza. Nesta descubriuse a placa que lle dá o nome da Coral de Ruada “como mostra de recoñecemento e gratitude da nosa cidade a unha das agrupacións máis representativas e queridas da nosa provincia. Unha fonte inesgotable de amor á nosa música, á cultura galega e ás nosas tradicións, embaixadora da nosa terra en todo o mundo, sinal de identidade e de paixón por Ourense e de paixón por Galicia”, sinalou o alcalde.

Vázquez Abad lembrou que o Concello de Ourense, por



Actuación da Coral na praza que leva o seu nome.

acordo dos catro grupos políticos con representación municipal, quixo recoñecer este ano o extraordinario labor realizado pola Coral de Ruada “ao longo dos seus cen anos de existencia en prestixio da nosa cultura e das nosas tradicións”, tramitándolle un expediente de honra. Neste expediente, dixo “tivemos a oportunidade de comprobar o inmenso agarimo que a nosa cidade sente pola Coral. Máis de 1.800 persoas sumáronse a esta proposta, á que tamén se adheriron numerosas asociacións e entidades culturais”. Como resultado deste expediente, o

Pleno do Concello acordou o día 1 de febreiro darlle a esta praza o nome da Coral de Ruada.

“É unha inmensa alegría ter a oportunidade de darlle as grazas en nome da nosa cidade a quen tanto bo leva feito por Ourense”, asegurou o rexedor, expresando o desexo de que “oxalá o espírito da Coral de Ruada impregne cada recuncho desta praza, e co seu nome siga reivindicando ese sensacional e inesquecible legado de amor á cultura galega, de amor á música, de amor a Ourense do que a nosa coral sempre fixo gala”.

Festa do Cordeiro de Larouco



O Concello de Larouco organizou a Festa do Cordeiro. O polideportivo municipal acolleu esta celebración de exaltación gastronómica que un ano máis, e xa van 14, organiza este concello ourensán.

Concertos en Verín e A Mezquita



Os concellos ourensáns da Mezquita e Verín celebraron os concertos de Camiños Sonoros, o novo ciclo musical impulsado pola Consellería de Cultura e Turismo en colaboración coa Asociación de Xuventudes Musicais Eixo Atlántico que, no marco da programación do Xacobeo 21, divulga o Camiño de Santiago a través da música e conta coa participación de estudantes de conservatorios profesionais de música da Comunidade.

Xoves músicos dos conservatorios de Vigo e A Coruña levaron un repertorio clásico e tamén unha sesión de jazz a estes dous concellos ourensáns. A primeira cita foi na Mezquita cun concerto de clarinete, violín e piano no que soaron pezas de Mozart, Poulenc e Stranvinsky, na igrexa de San Martiño. Na protagonista foi o piano, cun programa con pezas de Chopin, Mozart, Prokofiev e Debussy.

Festa etnográfica en Vilanova dos Infantes


En Vilanova dos Infantes (Celanova) celebrouse a XVIII romaría Raigame, a festa etnográfica que se desenvolve todos os anos, coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas. Raigame dedicou esta edición ás feiras ao longo dos séculos XIX e XX e ao gando, e contou coa representación dunha feira de gando e coa mostra de exemplares das diferentes razas autóctonas gandeiras. Esta romaría, organizada



Raigame estivo adicado ás feiras.

pola Deputación de Ourense e o Concello de Celanova e declarada festa de Interese turístico de Galicia, recoñe-

ceu este ano co premio "Adolfo Enríquez" á Coral de Ruada polos seus cen anos de historia.



vivamoscomogalegos.com

O NOSO É MOITO, COMPARTAMOS A SÚA MAXIA.

A MAXIA DO NOSO

AXUDA A TODOS OS REPUNANTIÑOS QUE POIDAS ;)
FELIZ SAN XOAN 2019

Vivamos como galegos!

GADIS

Gonzalo Caballero reta a Rivera a “abrir as fiestras” da Deputación de Ourense e non ser “o bastón de apoio do caciquismo sentenciado”

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, presidiu hoxe a primeira xuntanza da Comisión Executiva Nacional Galega dende as eleccións municipais e europeas para poñer en valor o éxito obtido nesta nova cita coas urnas e analizar os datos polo miúdo.

Ao termo do encontro, nunha comparecencia ante os xornalistas, Gonzalo Caballero explicou que a posición política do PSdeG pasa por “liderar gobernos de progreso” alí onde os votos o permitan fronte a un PP que segue “optando por pactos con Vox”, como está ocorrendo en Madrid. “O PP

perdeu a centralidade e a credibilidade para representar á maioría”, sinalou.

Ao fio destas afirmacións, nunha data histórica na que a validación do escrutinio ratificou que o PP perdeu a maioría absoluta na Deputación de Ourense, o líder dos socialistas galegos emprazou a Albert Rivera a indicar ao seu deputado provincial que ten que apoiar “o cambio de ciclo” que está pedindo a cidadanía.

“Os socialistas estaremos á altura das circunstancias para posibilitar un goberno de progreso tanto na cidade coma na provincia de Ourense”, remarcou Gonzalo Caballero, antes



de chamar ao resto de forzas de políticas a estar igualmente “á altura”. “Tras décadas de política caciquil, de nepotismo e dun goberno reaccionario na Deputación de Ourense, hai unha oportunidade histórica para o cambio”, advertiu.

“ABRIR AS FIESTRAS”

Nese senso, o máximo dirixente do PSdeG recordou o discurso de Albert Rivera en prol “da rexeneración e da limpeza política” e fixo fincapé en que Ciudadanos ten na Deputación de Ourense “a proba

de fogo” da credibilidade da súa posición política. “Ou quere ser o bastón de apoio dun caciquismo sentenciado?”, inquiriu.

Toca, segundo as palabras de Gonzalo Caballero, “abrir as fiestras” nesa institución, na que a política pola que foi inhabilitado José Luis Baltar tivo continuidade na figura do seu fillo, Manuel Baltar. Persisten, dixo, “o mesmo modelo político clientelar, coas mesmas eivas e os mesmos vicios”, polo que urxiu “alternancia”. “Os socialistas traballaremos arreo para que ese cambio sexa posible”, concluíu o líder do PSdeG.

Nove historias en 200 palabras con premio

“A fiesta” é historia gañadora do primeiro premio na modalidade de adultos do II Concurso de microrrelatos da Real Academia Galega e PuntoGal. A súa autora, Jessica Rodríguez, veciña de Vistosa (Mesía) de 35 anos, só precisou 85 palabras para crear o impactante relato que abre a publicación dixital que xunta os nove textos gañadores da convocatoria, á que concorreron preto de medio milleiro de propostas. Os galardóns foron entregados no salón de actos da RAG, onde a logopedista e as demais persoas galardoadas foron convidadas a ler cadansúa narración, dispoñibles na web da RAG e de PuntoGal.

O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e o presidente de PuntoGal, Manuel González, agradeceron a súa participación e a de todas as persoas que

concuraron, con preto de 500 relatos, nun certame que ten como obxectivo reforzar a presenza da lingua e da identidade propias no mundo dixital.

O primeiro premio na modalidade xuvenil foi para o relato “Cacería nocturna”, do coruñés Óscar Fernández Freire, alumno de bacharelato do Colexio Eirís. A súa é unha historia de 116 palabras que non é o que parece e que consegue arrincar un sorriso final. Claudia Martínez Asenjo, alumna de sexto de primaria do CEIP Monte dos Postes de Santiago de Compostela, mereceu pola súa parte o primeiro premio da modalidade de infantil por “O valor dos nomes”, 192 palabras sobre a importancia de lles dar na infancia nome propio a aquelas cousas que máis se aprecian.

Na modalidade de adultos, o segundo premio foi para “A



primeira palabra”, un texto que mira o futuro da lingua con optimismo asinado pola química e divulgadora científica Ángela Arnosa Prieto, veciña de Naraío (San Sadurniño) de 22 anos; e o terceiro foi para Eduardo Cameselle Iglesias, viquês de 75 anos e enxeñeiro técnico xubilado, por “Black Friday”, unha historia que denuncia as traxedias vitais que se repiten arredor da chamada

inmigración irregular.

Martina Lois Cuns, estudante de bacharelato do Colexio La Salle de Santiago de Compostela, mereceu o segundo premio na modalidade de xuvenil por “Un día máis”, apenas 83 palabras que colocan o lector desde a primeira persoa na pel dunha vítima de abusos sexuais; e Cristina Fojo Rubio, alumna do bacharelato do Colexio Calasanz Padres Escolapios

da Coruña, gañou o terceiro con “O amigo mar”, un drama con final feliz.

O xurado tamén distinguiu co segundo e o terceiro premio da modalidade de infantil os relatos “A fada Every”, de Alba Díaz Mera, alumna de sexto de primaria do CEIP A Gándara de Narón; e “O can enxasado”, de Pablo Mirás Sánchez, estudante do mesmo curso no CEIP de Rebordáns de Tui.